

REGLAMENTO PARTICULAR DEL 4º TROFEO FOTO-SUB CROA-SALAIÑOS:

A organización entende que os participantes coñecen e asumen o establecido no Regulamento vixente de Fotografía Submarina da Federación Galega de Actividades Subacuáticas, o que é remitido a todos os participantes xunto con estas normas, sen embargo é preciso lembrar ós participantes certos puntos do regulamento e noutros casos complementao, coa finalidade de que se gañe en seguridade e a competición se desenvolva con normalidade.

1º NORMAS DE SEGURIDADE:

Todo mergullador participante debe velar pola súa seguridade e a do seu compañeiro. Ter o título de mergullador supón que se coñece o deporte do mergullo e os seus riscos.

É obrigatorio observar as seguintes normas básicas de seguridade:

A unidade mínima para efectuar inmersiones serán sempre dos mergulladores, (Art.24 Orden 14 de outubro de 1997). O que implica que o Fotógrafo e o Co-fotógrafo teñen que entrar e saír XUNTOS da inmersión. Será motivo de descalificación do equipo participante o feito de que un dos seus compoñentes mergulle solo.

Cada mergullador deberá levar a súa boia de descompresión ou sinalización. Non se poderá participar se cada mergullador non se dispón dela.

Soamente se poderá empregar unha botella por inmersión. Entenderase que cada inmersión terá unha duración máxima de dúas horas e mínima de 10 minutos. O Comité do Campionato, segundo o caso e en función das circunstancias, xulgaran si se realizou, ou non, a inmersión.

O límite de profundidade quedará establecido en función da titulación do mergullador participante e nunca se poderá superar ese límite.

Cada mergullador deberá portar ordenador de mergullo. No seu defecto reloxo, profundímetro e táboas de descompresión. Non se poderá participar si o mergullador non dispón de algún medio para calcular una parada de descompresión. (Art.24 Orden 14 de outubro de 1997)

O mergullado que entre na reserva, (50 bares), deberá comezar o ascenso e emerxer.

2º NORMAS RELATIVAS Á COMPETICIÓN:

Data da competición: Domingo, día 28 de maio de 2018.

Data límite de inscrición: Sábado, 12 de maio de 2018, as 21:00hs.

Dirixido á seguinte dirección de correo: club.croa.fotosub@gmail.com

Data límite de entrega da selección de fotos: 21:00hs del Martes, día 29 de maio.

Para participar esixírase os orixinais da titulación do mergullador, licenza federativa e certificado médico. Poderán participar mergulladores con titulacións distintas ás da FEDAS-CMAS sempre que pertencen a un club adscrito á Federación Galega de Actividades Subacuáticas e teñan a licenza federativa o día. Se asimilan a mergulladores dunha estrela (B1E), os Open Water Diver de SSI, ACUC e PADI os que non poderán sobre pasar os 18 metros de profundidade.

Os mergulladores menores de 18 anos deberán aportar, xunto a súa documentación, autorización paterna ou tutelar.

O Programa do evento e as zonas da proba, se especifican no arquivo adxunto, "Invitación+Programa.pdf"

A competición rematará as 14:00 horas, neste intre as cámaras teñen que estar fora da auga. Penalizarase polo Comité da Competición, a aquela parella que rebase o tempo de competición.

Está prohibido fotografar animais mortos, vivos capturados con anterioridade e en xeral manipularlos.

Os participantes entregarán, incluída a foto de control, as 100 primeiras imaxes. A extracción da tarxeta da cámara e apertura da carcasa, ha de realizarse diante de un comisario da competición.

A participación neste Campionato implica a aceptación de:

- * Regulamento vixente FEGAS de Foto-Sub e por extensión o de NAFO-SUB.
- * As normas de seguridade para o mergullo autónomo FEDAS/CMAS.
- * A lexislación vixente referente ó mergullo deportivo.
- * Este Regulamento Particular.

Grazas pola túa participación.

Asinado: A Directiva do Club Organizador: